

DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2021-2023 DO CONCELLO DE FERROL NO APARTADO PARTIDA ORZAMENTARIA DA LIÑA LS 7.3 (EXPEDIENTE CIVIDAS 2023004631). Examinada a proposta que eleva o Concelleira Delegada de Medio Ambiente, que textualmente di:

Primeiro.- Con data 24/02/2021 publicouse no Boletín Oficial da Provincia a aprobación do *Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol para o período 2021-2023.*

Segundo.- Dentro das liñas estratéxicas do plan contéplase a seguinte:

LIÑA ESTRATÉXICA 7: MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO NATURAL

Obxectivos estratéxicos

A recuperación do patrimonio material e inmaterial do concello e a conservación dos recursos naturais, a paisaxe e a actividade turística sostible e de calidade

Obxectivos específicos

- 1. Apoiar a actividade das asociacións veciñais*
- 2. Acadar unha potenciación do patrimonio material e inmaterial do concello, a súa historia, idioma, música e tradicións*
- 3. Desenvolver actuacións que permitan a recuperación do patrimonio histórico-artístico do concello, cuxos efectos a perseguir sexan a conservación, a reparación ou o mantemento do mencionado patrimonio.*

Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación

LS 7.1. Colaboración para o “Proxecto Esmelle”

LS 7.2. Subvención Museo de Historia Natural

LS 7.3. Colaboración para o “Proxecto Recuperación do Monte do Chá”

Nesta última liña, contéplase:

LS 7.3. Colaboración para o “Proxecto Recuperación do Monte do Chá”

Áreas de competencia afectadas

MEDIO AMBIENTE

Sectores aos que se dirixen as axudas

ASOCIACIÓN VECIÑAL MONTES DO CHA. Asociación que promove a recuperación duns bens patrimoniais e recursos medioambientais para desfrute de todos os cidadáns

Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación

Recuperación do Monte do Cha:

- 1. Recuperación do patrimonio material, inmaterial e medioambiental das súas zonas e a súa posta en valor.*
- 2. Actuacións para a posta en valor do patrimonio arqueolóxico.*
- 3. Actuacións para a posta en valor do patrimonio paisaxístico-natural*
- 4. Accións encamiñadas á recuperación do valor agrícola-forestal*
- 5. Accións encamiñadas á valorización da Comunidade Social*

Efectos que se pretenden coa súa aplicación

Recuperación dos Montes do Cha, para desfrute de todos os cidadáns.

Prazo necesario para a súa consecución

Indeterminado

Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

Orzamento 2021. Previsión: 2022-2023.

Partida orzamentaria:

07109-1701-48000, 6.000,00 €

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poner en práctica as liñas de subvención identificadas no plan

Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederáase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificárase a subvención na forma prevista.

Réxime de seguimento e avaliación continua

- Porcentaxe das subvencións executadas: importe das subvencións concedidas e xustificadas.

- Cifra de poboación destinataria das accións subvencionadas

Empregaranse ademais os indicadores xerais, no que teñan relación co impacto económico e social, dados os obxectivos desta liña

Resultados da avaliación

No prazo dun mes dende o remate do prazo de xustificación. Darase conta ao pleno.

Terceiro.- Vista a necesidade de posibilitar a inclusión de gastos de investimentos dentro desta liña de axudas, propónse para este exercicio 2023 diminuír a cantidade destinada ao desenvolvemento de actividades de interese xeral e gastos ordinarios de funcionamento nunha contía de 2000€, e incluír uns custos previsibles de 2000€ vinculados á aplicación orzamentaria 03109-1701-78000 para gastos de investimentos.

Cuarto.- No apartado 4 do PES 2023-2023 establécese que “*As modificacións puntuais que abranguen unha anualidade que vaian xurdindo nos tres anos de vixencia aprobaranse pola Xunta de Goberno Local a proposta do/da responsable da área*”.

Por todo o anterior, propónse Modificar o Plan Estratéxico de Subvencións 2021-2023 do Concello de Ferrol no apartado **Partida orzamentaria** da liña **LS 7.3. Colaboración para o “Proxecto Recuperación do Monte do Chá”**, que quedará do seguinte xeito:

Partida orzamentaria:

03109-1701-48000, 4.000€

03109-1701-78000, 2.000€

Exposto o que antecede, **propónselle á Concelleirada delegada da área de Medio Ambiente, Zona rural, Obras e Servizos e Participación Cidadá (por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP 22/07/2019), a elevación á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de acordo:**

ÚNICO: Modificar o Plan Estratéxico de Subvencións 2021-2023 do Concello de Ferrol no apartado **Partida orzamentaria** da liña **LS 7.3. Colaboración para o “Proxecto Recuperación do Monte do Chá”**, que quedará do seguinte xeito:

Partida orzamentaria:

03109-1701-48000, 4.000€

03109-1701-78000, 2.000€

Non obstante, vostede decidirá o que considere máis axeitado.

Ferrol, coa data que figura na sinatura dixital

A xefa de sección de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras,

Vista a proposta anterior,

ELÉVESE A APROBACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Ferrol, 13 de febreiro de 2023

Vº e Pr

ALCALDE

Ángel Manuel Mato Escalona

O secretario xeral

Leopoldo Moure García